

NATALIAK

LOLA

IRIA C

ELSON

ANZULY

SARA

CARMELA

PABLO

DIANA

NATALIAF

IRIAS

IVÁN

2.013

MAIO

YARA

DAVID

KILAN

YAGO

CANDELA

6º
E.I.

CHRISTIAN

PAKIN



CONCEMMENTO

DE PARLINA

HABÍA UNHA VEZ UNHA NEBULOSA DE GAS E PÓ INTERESTELAR.



ERA QUENTE E ACOLLEDORA XA QUE ÍA SER MAMÁ.



NA SÚA BARRIGA, AS PARTÍCULAS DE PÓ CORRÍAN,
TURRABAN E EMPURRABAN COMA TOLIÑAS.



ESTABAN DE FESTA. ERA A FESTA DAS ESTRELAS.



COMO NACÍAN? POIS XUNTÁBANSE MOITAS PARTÍCULAS DE PÓ
NUNHA GRANDE APERTA E ASÍ FORMABAN UNHA ESTRELIÑA BEBÉ.



MAMÃ NUBE TIVO 1, 2, 3, ... 45, ... 99, ...NON SEI CONTAR
MÃIS. SEICA TIVO MÃIS DE SEISCENTAS FILLIÑAS.





AS ESTRELIÑAS NON ERAN TODAS IGUAIS.
UNHAS ERAN GRANDES E GORDECHAS;
OUTRAS MEDIANAS E OUTRAS,
PEQUENAS E ESFAMEADAS.

AS MÃIS QUENTES ERAN DE COR AZUL, OUTRAS ERAN VERMELLAS,
LARANXAS, AMARELAS.

AS VERMELLAS ERAN AS MÃIS FRÍAS.



TODAS PRECISABAN UN NOME. AHÍ NO MEDIO HAI UNHA BEN
CHUSQUIÑA,
CHÁMASE PAKIÑA, CON K.




PAKIÑA É MEDIANA, AMARELA E BRANQUIÑA.




PAKIÑA

COME HIDRÓXENO, H, E VAI CREANDO NA SÚA
BARRIGUÍNA OUTROS MATERIAIS PESADOS.



SÍNTESE MOI IMPORTANTE XA QUE É O
MOMENTO "PRINCIPAL" DA SÚA VIDA





AGORA PENSA EN FORMAR O SEU PROPIO SISTEMA PLANETARIO OU
PAKIÑAR. TEN 7 PLANETAS: LUNIKO, MARTIKO, MERCORIKO, XOVICO,
VENRICO, SABADIKO E DOMINGUIKO.

A watercolor illustration of a table with various food items and a central text overlay. The table is covered with a white cloth and features several large, irregular watercolor shapes in shades of yellow, grey, and pink, representing food items like bread or fruit. There are also smaller, scattered watercolor shapes in pink, yellow, and green, suggesting smaller portions or garnishes. The background is a light, textured surface, possibly a wall or a backdrop, with faint, larger-scale watercolor washes in yellow and grey. The overall style is soft and artistic, with a focus on color and texture.

PAKIÑA SEGUE A COMER E COMER...

DESPOIS DE MOITÍSIMO TEMPO, A NOSA PAKIÑA VAISE
INFLANDO COMA UN GLOBO E PONSE VERMELLA. AGORA
É UNHA XIGANTE VERMELLA.






AGORA COME HELIO, He, E O CONVIRTE EN CARBONO, C, ORIXE DA VIDA. PREPARA CHEA DE LEDICIA O SEU ANIVERSARIO, DEZ MIL MILLÓNS, E VAI SER UN DÍA MOI ESPECIAL.

NA SÚA FESTA ESTÁ TAN FELIZ QUE REBENTA E FORMA
UNHA NEBULOSA DE GAS E PÓ INTERESTELAR QUE TEN NO
MEDIO UNHA PRECIOSA ANANA BRANCA.



A NOSA PAKIÑA ESPÁLLASE POLO UNIVERSO E O SEU PÓ
AXUDARA A CREAR VIDA POR ESES MUNDOS.





CANDO ALGUNHA NOITE MIRE O CEO E VEXAS ESTRELAS
E NEBULOSAS LEMBRA A PAKIÑA E MÃNDALLE UN BICO.





PORQUE TODOS OS SERES VIVOS SOMOS, TI TAMÉN , PÓ
DE ESTRELAS.

ILUSTRARON ESTE CONTO

OS ALUMNOS E ALUMNAS DE 6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CEIP SANJURJO DE CARRICARTE DA CORUÑA.

- ✓ DAVID ÁLVAREZ
- ✓ CHRISTIAN ALVES
- ✓ IRIA CAMPOS
- ✓ CARMELA CASÁS
- ✓ PABLO ESPÍNEIRA
- ✓ NATALIA FORNÍS
- ✓ IVÁN FRAGA
- ✓ DIANA JIMÉNEZ

- ✓ ELENA JIMÉNEZ
- ✓ YAGO LODEIRO
- ✓ LOLA LÓPEZ
- ✓ CANDELA LÓPEZ

- ✓ ANZULY MORALES
- ✓ SARA OLVEIRA
- ✓ MARTÍN RÍOS
- ✓ KIRAN RODRÍGUEZ
- ✓ YARA RODRÍGUEZ
- ✓ NATALIA ROLDÁN
- ✓ IRIA SANMIGUEL



